




PRESENTACION DO MAPA TOPONIMICO DO CONCELLO DE MOAÑA [19/04/2007]

O acto terá lugar na casa do concello de Moaña o vindeiro 19 de abril ás 13:00



O Proxecto Toponimia de Galicia (PTG), promovido pola Comisión de Toponimia de Galicia, naceu no 2000 ante a necesidade de defender e conservar o patrimonio toponímico galego. Este proxecto estase a desenvolver no SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia), un dos departamentos da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, da Consellaría de Medio Rural.

Galicia conta cunha grande abundancia de topónimos por mor de circunstancias moi diversas, por exemplo a dispersión dos núcleos de poboación, o minifundismo, a orografía irregular e dificultosa do terreo, etc. Estes milleiros de topónimos de terras, montes, valgadas, reguerios, fontes penedos, muiños, etc. constituen un dos más preciados tesouros da nosa cultura que, ademais, nos identifica como pobo. Co paso do tempo moitos se estaban a esquecer e perder motivo polo cal era necesario por en marcha accións para cuidar esta riqueza e protexela.

O proceso de recolleita e ordeación destes topónimos desenvolvece de maneira estructurada seguindo un procedemento que se repite en todos os concellos ata que se obtén o resultado final, os mapas e as bases de datos toponímicos resultantes. Nunha destas fases lévase a cabo a exposición pública de mapas toponímicos unha vez terminado o traballo de campo e normativizados os resultados acadados. Esta exposición pública por un lado serve de homenaxe a todos aqueles informantes que colaboraron desinteradamente para que este traballo sexa posible, e ao mesmo tempo serve para revisar e completar a información exposta.

O vindeiro xoves 19 de abril inaugurarase a exposición no concello de Moaña, seguindo unha liña que comezou no 2005 no concello de Vigo. A partir desta primeira exposición pública, presentáronse xa os mapas toponímicos de Catoira, Riós, Lousame, O Grove, Viveiro, Lourenzá, A Gudiña e Ferrol e Vedra.

A exposición de Moaña poderán visitala todos aqueles interesados na Casa do Concello de Moaña. Nesta exposición se recollerán nomes de terras, montes, vales, ríos, fontes e outros elementos deste concello localizados sobre fotografías aéreas. Durante o tempo que permaneza aberta ó público todos os visitantes están invitados a realizar as aportacións que estimen interesantes para a ampliación e mellora da información microtoponímica.

